

Marica Campo: “O problema da lingua non está na literatura, está nas escolas”

HÉCTOR J. PENA

03/10/2010 - 00:18 h.

A autora galega vén de presentar a súa última novela, titulada ‘Onde houbo lume’

Marica Campo (O Incio, 1948), é poeta, narradora e autora teatral. Ademais de participar en numerosas publicacións colectivas, ten editadas en poesía *Tras as portas do rostro*, *Pedinche luz prestada* (Premio Fiz Vergara Vilariño), *Abracadabras* (Premio Fundación Neira Vilas de Poesía Infantil 2005 e Premio AELG de Literatura Infantil 2007) ou *Sextinario: trinta e seis máis tres* (Premio AELG de Poesía 2008). Como narradora publicou *Confusión e morte de María Balteira*, *Memoria para Xoana* (Premio de Narrativa Concello de Vilalba 2001 e Premio AELG 2003) e *Xoel aprendeu a voar*. No ámbito do teatro, a escritora lucense adaptou *O Premexentes non pode cos paxaros rebezos*, *Confusión de María Balteira* e *O Divino Sainete*. No seu último traballo, *Onde houbo lume*, a escritora explora o complexo universo das vidas femininas contadas non como decorado, complemento ou contraste estilístico, senón dende dentro delas mesmas e dende o afán por as comprender na súa especificidade.

Que mensaxe pretende transmitir con Onde houbo lume?

O libro pretende recuperar a intrahistoria da vida de moitas mulleres no século XX. Son todas vidas que transcorren dende finais do XIX até todo o século XX. A fonte que recolle todas esas historias é un secretario de xulgado, xa maior, que coñece unha xornalista que quere cubrir a información dunha caravana de mulleres. Entón, con ese pretexto, establecen unha amizade e el cóntalle todas esas historias á rapaza. Ao mesmo tempo, tamén se mesturan a propia historia do narrador e máis a da xornalista.

Vostede fala de que o texto está composto por once historias contadas en feminino, dende a perspectiva da memoria histórica. Segue a ser necesario a día de hoxe tratar de recuperar a memoria desas mulleres esquecidas?

Efectivamente. É o que Miguel de Unamuno chamou intrahistoria, esas cousas que non saen nunca nos titulares dos xornais nin nos libros de historia, esa memoria de tantas mulleres que aínda a día de hoxe permanecen no máis estrito anonimato.

A súa obra comprende literatura infantil, teatro ou poesía, e Onde houbo lume é unha novela. En que ámbito da literatura se sente máis cómoda escribindo Marica Campo?

Pois a verdade é que quizáis na narrativa e na poesía, pese a que tamén teño feito teatro ou colaboracións en prensa. Digamos que a poesía é o que escribo máis facilmente, pero en cambio a narrativa, que dá máis traballo, queda moito mellor.

Ao respecto da literatura infantil, vén de celebrarse en Santiago o congreso International Board on Books for Young People (IBBY), no que os conferenciante

coincidiron unanimemente en reivindicar a dignidade da literatura infantil como “unha literatura de primeira”, está vostede de acordo?

A literatura para rapaces ten que ser moito mellor que a destinada aos adultos. Eu diría que ten que estar escrita directamente pensada nos rapaces, pero tendo en conta que un libro para nenos que non lle guste a un adulto crítico non debe valer para os pequenos. Hai unha serie de cousas fundamentais que non se deben esquecer nunca cando se escribe para os rapaces: hai que coidar moitísimo máis a lingua, buscar moitísima máis claridade á hora da exposición, e todo iso tratando de ensinar, pero sen que se note, sen que aparente que hai un propósito moralizador ou didáctico. Non hai que pensar que os nenos son parvos, nin que son adultos pequeniños... son outro mundo, pois son lectores moi plásticos, moito máis receptivos que os adultos, e hai que ter moito coidado co que se lles dá de comer.

Como escritora en lingua galega, considera que o idioma do país goza de boa saúde, ou pola contra, que se atopa ameazado polas actuais políticas que se están a levar a cabo dende a Xunta de Galicia?

Na literatura non hai problema, o problema está no uso cotián da nosa lingua, está nas escolas. É dicir, se medisemos a vigorosidade da lingua pola situación literaria, pois estupendo, sería unha situación máis que óptima. Pero á parte hai que ter en conta outros moitos aspectos, como canta xente le en total e canta xente le en galego. Pero ben sabemos todos o que hai agora... a verdade, na miña opinión, é que a cousa está moi mal, realmente mal.

Vostede adaptou ao teatro no pasado a obra de Curros Enríquez O divino sainete. Está ao tanto da película ‘porno’ que está a realizar Chema Gagino e que leva por título O divino ferrete?

Si. O certo é que eu non son consumidora de pornografía, nin por suposto produtora. Estou falando de literatura pornográfica, claro, porque a erótica xa é outro falar, outra historia... E con respecto á película, efectivamente, se existe [a película pornográfica galega O divino ferrete], é unha proba máis de normalidade, de normalización tanto da vida cotiá como dos usos da lingua, e personalmente, a min paréceme moi ben.